



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día trinta de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (31/07/2019).

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE manifesta que falta parte da súa intervención e o comentario persoal que non comparte; xa que o discurso do principio é a introdución da primeira pregunta.

O Sr. Secretario di que xa se explicou moitas veces. A acta da sesión non recolle intervencións de todo tipo, senón que recolle acordos. Agora grávanse as sesións e existe un expediente de cada pleno en papel. Determinadas intervencións non teñen opción a estar na acta, salvo que perda sentido o que se presenta, como pode ser o caso dunha moción.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG-AA e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

2º.- Acordo, se procede, sobre cancelación de dereitos recoñecidos de exercicios pechados por prescripción e outras causas.

Dáse conta do informe adoptado pola comisión de informativa de economía e especial de contas o día 25 de setembro de 2019.

A Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, no seu artigo 59 conforma á prescripción como unha das formas de extinción das débedas contraídas polos obrigados



tributarios, e á súa vez do dereito da administración para esixir o pago das mesmas unha vez liquidadas, sendo o prazo de inactividade administrativa o que determina a súa aplicación, o de 4 anos previsto no artigo 66 da citada Lei.

Dita prescrición, por mor do disposto no artigo 69 da Lei Xeral Tributaria, na súa redacción dada pola Lei 34/2015, de 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, aplicarase de oficio.

Ademais da causa de prescrición, contéplase a cancelación por outras causas entre as que se atopan erros, duplicidades ou ingresos efectuados que non foron correctamente saldados co oportuno RD, tratándose así de dereitos recoñecidos que podemos denominar como improcedentes e que cómpre a súa cancelación para unha cumprir coa imaxe fiel da situación económico-financeira do Concello.

Vista a proposta da Tesouraría Municipal, propónse ao pleno:

Primeiro.- Aprobar o expediente de cancelación de dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios pechados por un importe total de 34.926,43 euros, de acordo co detalle que consta no citado expediente (2019/X999/000051)

Segundo.- Que se practiquen os asentos contables necesarios para facer efectiva a citada cancelación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, solicita que se lle envíe por correo electrónico un listado das débedas contra o concello que se cancelan.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Acordo, se procede, sobre modificación das bases reguladoras das axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2019/2020.

O Sr. Secretario di que das bases xa se deu conta na comisión correspondente, e despois do falado na mesma, modificouse o seguinte:

1º.- Respecto da documentación, agora terase en conta o saldo das contas bancarias a 31/12/2018. O saldo medio das contas bancarias, depósitos e valores de todos os membros da unidade familiar no exercicio anterior.

2º.- Respecto da capacidade económica “per cápita”, engádese un novo apartado que vai de 6.000 a 9.000 € e terá a valoración de 1 punto.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que no curso pasado o concello sacou axudas para o ensino e transporte para os estudantes de Vedra, para todas as etapas educativas. Son axudas complementarias ás doutras administracións. Tratan de ir mellorando as convocatorias, como mostra o feito de sacar antes a convocatoria e facer modificacións para facilitar a xestión por parte das familias e para a propia tramitación interna. Certos cambios fóronse introducindo coas indicacións e criterios dos técnicos municipais. Solicita o voto a favor e lembra que son compatibles con outras administracións.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo se vai abster porque considera que cada vez son máis restritivas as axudas. Solicita un informe de como se repartiron os cartos do ano pasado e como se usou o que non se gastou. Insiste en que para o seu grupo, as axudas deberían ser para as ensinanzas non obrigatorias.



Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, solicita que as facturas para a xustificación non sexan só a partires do 01/09/2019, porque hai xente que merca os libros no verán. Solicita que se publique no boletín e se dea a máxima información posible nos centros educativos.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que non hai problema en modificar a data. A data proposta foi un criterio técnico do departamento de intervención. Respecto á publicidade das axudas, reconece que o ano pasado saíron tarde, mais trasladóuselles a información aos centros educativos, ANPAS, foi publicado no boletín municipal e en varios medios máis.

Respóndelle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, que o 3% é o valor catastral do patrimonio e outras administracións teñen eses criterios.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, replícalle que non fai falta que venda as bolsas de axuda que xa levan un ano funcionando. O seu grupo pelexou todos os anos para que houbera unha partida nos orzamentos para elas. Pregunta se van destinar a mesma cantidade (10.000 €) có ano pasado. O seu grupo está de acordo coas bolsas pero non coa xestión das mesmas.

Anuncia a abstención do seu grupo.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, di que deben incluír nas bases a aclaración de que a vivenda habitual está excluída desa renda per cápita.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, pregúntalle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, porque prefere que fosen para as ensinanzas non obrigatorias.

Este resposta que as obrigatorias xa teñen outras axudas.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que iso foi un criterio que se estableceu para que fose para todos. Existen familias que precisan algo máis e foi o que indicaron dende o departamento de servizos sociais. Cre que calquera estudante que o precise, independentemente da etapa educativa, debería poder optar ás axudas.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG-AA e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre designación dos dous días festivos locais para o ano 2020.

Dáse conta da comunicación remitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, solicitando, de cara á elaboración do calendario laboral do ano 2020, a designación dos dous días festivos locais.

O grupo de goberno propón os mesmos que en anos anteriores: Santa Baia (10 de decembro) e o Patio (21 de setembro).

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que coa proposta do grupo de goberno queda reflectido o seu carácter conservador. Di que os festivos propostos cadran mal, a principios de curso e despois dunha ponte. Cre que non teñen moito sentido.

O seu grupo propón o día da Ascensión, porque hai moita xente que traballa en Santiago e alternar un ano si e outro non, o día do Patio e o das Dores.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, cre que é un erro non considerar festivo a única festa en exclusiva do concello, o Entroido.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e do BNG-AA.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG-AA para a construción do intercambiador de transporte Vedra-Boqueixón.

Dáse conta de moción presentada polo BNG-AA na que se expón que está en proxecto de revisión o anteproxecto de explotación do Plan de Transporte Público de Galicia. Na definición deste anteproxecto e do seu resultado final xóganse moito os concellos de Vedra e Boqueixón, posto que será o que defina as concesións de liñas, e estas serán a ferramenta necesaria para o desenvolvemento da comunicación con Compostela.

Un bo entramado de transporte na comarca permitiría frear a migración de poboación dende os núcleos periféricos á capital, e constituiría por si mesmo, un vector de recuperación de poboación do rural máis próximo a Santiago. Os Concellos de Vedra , Boqueixón e Compostela teñen un punto xeográfico situado en A Susana, que é porta de saída cara o sur e vía de comunicación entre Compostela e Ourense, ademais de acceso a poboacións como Bandeira, Silleda, Lalín....

A través de plenos xa solicitaron , entre outros, a creación de novos proxectos de liñas, que se revisase a accesibilidade dos autobuses que realizarán o transporte de viaxeiros e permitir o transporte de bicicletas no transporte público fomentando novas mobilidades.

Di que consideran que a ferramenta capaz de engraxar o transporte público do sur da comarca compostelán é a creación dun aparcamento de disuasión, ou punto de intercambio de transporte no lugar de A Susana, que debería funcionar por un lado como intercambiador, permitindo o depósito de vehículos particulares, mediante aparcamento selectivo gratuíto de veciños de Vedra, Boqueixón ou Compostela, para permitir enlazar os vehículos de uso persoal cos de uso colectivo, e por outra banda como aparcamento disuasorio, mediante o cobro dunha tarifa mínima a vehículos particulares, para quen decida utilizar este espazo para acceder a Santiago.

Por todo iso, solicitan o apoio do pleno para aprobar o seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar, planificar e construír co concello de Boqueixón, e Santiago no lugar de A Susana, un aparcadoiro disuasorio-intercambiador que permita un uso efectivo do transporte público urbano compostelán, e interurbano do sur da comarca de Compostela.

Segundo.- Constituír unha mesa de traballo entre Vedra, Boqueixón e Santiago á que se invite a participar a outros concellos afectados do sur da comarca Compostelá (a través do departamento de urbanismo, por exemplo), e a colectivos sociais representativos (Asociacións de veciños, Asociación de pais e alumnos, colectivos de maiores...) coa finalidade de pulir, optimizar e recoller as demandas sociais. Este traballo coordinado permitirá o uso efectivo e axustado ás necesidades reais do espazo proxectado.

A proposta de actuación contempla a posibilidade de realizar unha actuación combinada entre os tres concellos e ADIF, para construír o intercambiador-aparcadoiro disuasorio na estación de tren de A Susana. O consorcio pactaría un contrato de aluguer sobre a



explanada e edificios que ADIF non usa e realizaría unha actuación arquitectónica que permita a adaptación do espazo ao novo uso.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que está pendente ver o que acontece co plan de transporte interurbano. Algunhas das alegacións que presentou o concello van ser desestimadas porque presentaron un itinerario de ruta circular intramunicipal; e xa se verá se desestiman a alegación total ou parcialmente.

A Susana forma parte de tres concellos, e concentra todo o tránsito do sur de Galicia (Lalín, Ourense) e o tránsito dos concellos de Vedra e Boqueixón. Sería interesante construír un espazo onde deixar o coche de xeito seguro e que o seu custe fose repartido entre Vedra, Santiago e Boqueixón.

É unha moción para toda a lexislatura porque é algo que ten que acontecer no futuro debido aos novos modelos de mobilidade.

A Presidencia responde que lle parece unha boa idea e cre que antes ou despois virá imposto dende Europa. O seu grupo votará a favor da moción cos matices comentados con anterioridade e felicita ao grupo do BNG-AA pola iniciativa.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que van apoiar a moción.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Dar conta do Período Medio de Pago a provedores (1º e 2º trimestre de 2019)

Dáse conta do Período Medio de Pago do 1º trimestre que é de 35,91 días; e do 2º trimestre que é de 33,81 días.

O Pleno dáse por informado.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

A Presidencia di que algunhas preguntas foron formuladas polo PSdeG-PSOE e BNG-AA e a contestación enténdese para os dous grupos políticos.

--Á pregunta relacionada co informe da venda dun tractor e unha furgoneta, a Presidencia di que as valoracións foron feitas polo taller encargado do seu mantemento. Respecto aos medios polos que se informaron as dúas persoas que presentaron as ofertas, di que a través do equipo de goberno ou do Alcalde, dende logo non. Entende que foi a través do propio taller. En calquera caso solicitou un informe ao Secretario da corporación respecto a este asunto.

Polo Sr. Secretario dáse lectura ao informe rexeitando os argumentos do escrito de recurso presentado polo BNG-AA sobre dito expediente.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, solicita que lles envíen os informes con anterioridade. Di que independentemente da súa legalidade, non é ético. Recórdalle que non contestou á pregunta de por que non se lle deu publicidade á venda dos vehículos no boletín de información municipal e na web municipal para que o soberan os veciños e veciñas do concello que foron quen pagaron eses vehículos. Tamén pregunta quen foi a persoa que peritou o envío ao refugallo deses vehículos.

Di que é mentira que fose o taller o que fixera o informe técnico. O taller fixo o informe de que son bens non utilizables e en ningún momento taxou os vehículos. Os vehículos foron taxados polo Sr. Secretario, e non é un especialista. Pregunta onde está o informe técnico do especialista que taxa o valor deses vehículos e que taxa o prezo de levar eses vehículos ao refugallo.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que é totalmente legal. Di que se viu o expediente, no mesmo póñense uns valores estimativos. Cre recordar que a furgoneta son 100 €, e se



alguén ofrecera por ela 1.000 €, non se ía deixar de vender por eses cartos, porque é o valor que dan.

A rendibilidade dun ben para un concello non ten que ser a mesma que para un particular.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que por ética e por moral, primeiro deberíase dar publicidade ao proceso e as ofertas que chegaran antes deberían ser desestimadas.

Dona Yolanda Vieiro do BNG-AA, preguntalle ao Sr. Secretario se para saír a concurso tiña que ter un valor de 1.800 € como mínimo.

O Sr. Secretario di que os bens declarados inútiles teñen un expediente e pódense vender directamente pola Alcaldía. Ademais, con independencia das leis ou regulamentos, no propio expediente do orzamento hai un apartado que di que aqueles bens declarados inútiles pódense vender polo alcalde directamente.

--Á pregunta sobre o inchable da Festa do escalo, A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que o grupo de goberno non contactou con ninguén, en todo caso sería a organización da festa. Esa persoa veu polo concello e solicitou a colaboración como o ano pasado cun inchable, díxoselle que xa o mirarían. O día 30 de xullo na baixada das piraguas en Agronovo, volveu preguntar polo tema. Quería que se contratara a cera empresa porque despois facíalle un desconto no grupo electrógeno. Deu por feito que falaría coa empresa e que pasaría un orzamento como o ano anterior e o concello pagaría a factura. Posteriormente non contratou o grupo electrógeno a esta empresa. Pola súa parte xa lle pediu desculpas polo malentendido.

--Á pregunta sobre a masa común situada en fronte da gardería que foi cortada, di que se cortou en aplicación da Lei de prevención de incendios. Están pendentes de pechar as contas co madeireiro.

--Sobre o pendello do concelleiro de Servizos de Saneamento e Abastecemento, Desenvolvemento Rural, di que solicitará un informe no departamento de urbanismo e segundo este actuará en consecuencia.

--Respecto ao novo aparcadoiro da piscina municipal e que custe ten para o concello, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que é unha leira dunha veciña que a cedeu para aparcadoiro sen nada a cambio.

--Sobre o arranxo dunha tapa de sumidoiro que rompeu o tractor municipal en Nande e a retirada dun vehículo abandonado que está detrás do campo de fútbol do Coto, di que toma nota.

--Á pregunta sobre a publicación no portal de transparencia da web municipal as declaracións de bens de todos os concelleiros presentes no Pleno, considera que cumpren coa lei tal e como están a facer. Non é preciso colgar a declaración en si mesma, senón a data e quen a enviou. En calquera caso, recorda que esas declaracións están a disposición de calquera veciño ou veciña que as solicite por escrito.

--Sobre o arranxo dunha barreira de seguridade en Fontao, di que xa está feito.



--Respecto ao arranxo do local do PSdeG-PSOE, unha rede wifi para poder traballar así como a chave da caixa de correo, dille que as chaves xa as teñen e que se poña en contacto co Sr. Vázquez Martínez para ver as cuestións do local.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:
1º.- Sobre as obras da estrada de Vedra a Santa Lucía, di que xa están feitas.

--Á pregunta de dona Yolanda Vieiro do BNG-AA sobre a venda do tractor e furgoneta, di que xa está contestada.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que xa están contestadas. Respecto á subscrición ao xornal NÓS, di que non se van subscribir.

8º.- Rogos e preguntas.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Reitera a solicitude do informe sobre o que aconteceu cos 10.000 € das axudas ao transporte do ano pasado.

2º.- Dálle as grazas ao grupo de goberno pola "Guía do galego na administración local". Estaría ben que todos os concelleiros e concelleiras o leran, sobre todo a concelleira dona Susana García. Estráñalle que sendo o galego a lingua vehicular no concello, nun acto público se fale en castelán. Solicita un esforzo.

3º.- Chegoulle unha foto dun anuncio nas festas do Patio dun "bufet" de avogados CEG Avogados. Isto xa se tratou hai catro anos. A legalidade de se o Alcalde se pode dedicar ás tarefas de avogacía tendo unha dedicación exclusiva. Sexa legal ou non, non é ético que o Alcalde de Vedra poña o seu nome na festa do Patio para darlle publicidade a un "bufet" de avogados no que seguirá traballando cando termine a súa vida política. Espera que non exerza ningún tipo de avogacía e menos que use as instalacións do concello para esa actividade.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita unha reunión cos responsables de Correos, porque os cambios que se auguraban antes das eleccións leváronse a cabo e hai un deterioro no servizo á hora do reparto. Queren sacar un compromiso a Correos de que polo menos non haxa cada quince días un carteiro diferente.

2º.- Cre que calquera veciño/a de Vedra ou concelleiro/a debe saber onde está o Alcalde. No mes de novembro do 2018 solicitáronlle que cada vez que tivera unha viaxe institucional que informaran por correo electrónico. Pregunta onde estivo de viaxe institucional este verán, e en representación de que (Concello de Vedra, Presidente de Terras de Compostela), e cal foi a finalidade da mesma.

Reitera que se lles informe previamente das viaxes.

Estase programando unha viaxe a Arxentina con prazas limitas. Pregunta cal é a orde de adjudicación das prazas e cal é o motivo e finalidade desa viaxe.

3º.- Recentemente houbo unha reunión para tratar unha proposta dunha veciña que forma parte dunha asociación feminista, declarando a emerxencia feminista. No seu día solicitouse a adhesión á campaña "En negro contra as violencias machistas". A día de hoxe non se fixo nada. Solicita que dea cumprimento á súa palabra antes do 25N.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:



1º.- Dende hai anos o consello escolar do CPI de Vedra leva pedíndolle ao representante municipal, o Sr. Costa Carneiro, a realización de certas tarefas de mantemento para o bo uso do centro, función que lle pertence a este concello.

Existe a necesidade de selar as xanelas do edificio orixinal, pois teñen o mesmo dende que abriu o centro hai 39 anos, e agora mesmo é inexistente, filtrando o aire no inverno e unha perda de calor considerable. Dende o concello solicitóuselle ao centro un orzamento que foi entregado hai meses e seguen sen acometer as obras.

Tamén se solicitou o cambio de azulexos e lastras en zonas de máximo paso como o corredor central, comedor e cociña. Noutras zonas arraxounas a Xunta de Galicia, pro nestas seguen sen facerse.

Solicita a retirada da foxa séptica, e cando esta se produza, solicita o arranxo e ampliación do parque infantil, que conta con 2 randeiras e 1 tobogán para 75 nenos e sen zona cuberta. Espera que o teñan en conta na elaboración dos orzamentos municipais.

Tamén solicita a instalación nos centros educativos municipais de fontes de auga KM0. Servizo que presta unha empresa de veciños do concello, e ten un custe mensual de 20 €. Suporíalle ao concello uns 120 € ao mes sen ningún custe adicional.

2º.- Pregunta que actuacións teñen previstas na piscina municipal, xa que filtra auga, e se soltan as lastras.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Cal é a opinión do Alcalde sobre saír nas noticias como un dos poucos concellos da comarca onde as obras do colexio impiden o normal desenvolvemento do curso escolar. Probablemente se alonguen máis alá do Nadal. Pregunta se aplicaron algún tipo de sanción á empresa construtora, xa que teoricamente tiñan que estar rematadas a finais de verán.

2º.- Respecto da venda do tractor, dille ao Sr. Secretario que considerar que unha comunicación do proceso é unha acta da Xunta de Goberno, cre que é un exceso. Todos saben que ao día seguinte de venderse o tractor, este estaba sulfatando. Existen fotos e vídeos enviados por whatsapp para que quede constancia da data e hora. É preceptivo unha peritaxe técnica valorada que non existe e valorárono por debaixo dos 1.800 € porque o anexo aos orzamentos lles impedía dar máis valor. É imposible que ese tractor teña o prezo de saída que lle puxeron.

Di que iniciarán os procesos legais que sexan razoables independentemente do que diga a fiscalía ou o Consello de Contas. Os veciños/as de Vedra non son parvos e saben que ese tractor vale entre 6.000 e 10.000 €, e decidirn vendelo por 1.500 €.

Mesmo hai incongruencias nas datas das ofertas. Chega a oferta uns días antes de que o Alcalde decida vendelo.

Informa de que xa entregaron un escrito cunha reclamación no Consello de Contas e están en trámites de elevar unha queixa ao Colexio de Secretarios e á Fiscalía.

3º.- Dille á concelleira dona Susana García que cre que ten a honra de ser a primeira concelleira na historia do concello que non é capaz de falar unha palabra en galego. No colexio de avogados para o que traballa hai un servizo lingüístico que a pode asesorar. Nun concello onde o 90% da poboación fala galego, sendo unha representante pública, e o 99% dos que a votaron teñen como lingua vehicular o galego, independentemente de que sexa legal tanto o galego como o castelán; polo que solicita un esforzo.

4º.- Pregunta como está o tema do viveiro dixital e como se financiaría.

5º.- Respecto do xornal NÓS, recorda que é o único xornal que hai no país en lingua galega e roga que o teñan en conta.



--Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Na xuntanza da “Noite violeta”, persoal da asociación Berenguela comentaba a posibilidade de ter reunións periódicas. Cre que deberían constituír unha mesa ou comisión onde todos poidan expoñer as súas ideas. Existe un plan de igualdade, no que non se está a traballar moito, dende o seu punto de vista.

Pregunta cando van comezar os talleres, cal é a súa temática e cal vai ser a súa organización. Solicita ter a guía que se vai enviar ás casas antes de enviala para poder traballar sobre ela.

2º.- Solicita que a documentación que se vai tratar en comisións e plenos sexa enviada por correo electrónico, xa que non pode acudir ao concello polas mañás.

Conclúe ao fío das vinte e dúas e trinta e cinco horas.